
DELMI ÁLVAREZ

Galegos na Diáspora



1989-2022

Na pel cotiá da emigración

Margarita Ledo Andión

Ó principio recibiuse como heterodoxia. ¿Subxectividade na Fotoxornalismo?. A seguido, e máis aló do espacio instituido para o pensamento –congresos, debates, textos de ensaio...– espacio onde cada estravagancia entra e sae sen grandes problemas, a Fundació La Caixa, en Barcelona, ó pensar na transformación de liña e de obxectivos para o certame Fotopress encargounos a elaboración dunha proposta e aceptou como celme a idea de autor (quen escolle aspectos do real, técnicas, xeitos de construí-la significación) como necesidade para achegármonos á fotografía.

Durante un ano reunímonos xentes de diversos países e de diversos ámbitos ata ir perfilando cada apartado novo para o Fotopress, nos que se integran proxectos patrocinados pola Generalitat, polo Ajuntament de Barcelona, por Lunwerg e por Reporters sensa Frontéres, bolsas de estudios e, tamén un certame de prensa sen encorsetar nas seccións temáticas convencionais.

Cando o Xurado Fotopress se reúne, analisa case douscentos envíos e preselecciona para neles centra-la discusión, por entre estes nove, tres son de Delmi Álvarez: Cuba, Croacia e Psiquiátrico en Buenos Aires. Como todos vostedes saben a serie arredor de Cuba será o premio Fotopres´93. Delmi endexamais conta con gañar. Andaba por Australia tirando da terceira parte dese castelo ó aire que se deu en chamar, de hai tempo, os galegos no mundo, termando do desexo de se meter na pel cotiá da emigración decidida pola historia (a económica ou a política), por deus (a relixiosa) ou porque che petou (a persoal).

O tempo da túa man -estas imaxes non son instantáneas nin conxunturais; o teu degoiro por intercambiar mensaxes cara a mín, cara ós outros con fotos; a túa incerteza no obxetivo de ampliares coñecemento sobre esa constante que vives dende que o mundo é mundo, os galegos no mundo; os procesos de significación -Delmi Álvarez

escolle o lugar de traballo como espacio para connotar- ; o estilo visual que devén do universo dos álbumes, aquí con protagonista colectivo que non é el propio ao se deixar fotografar, se non o cidadán esquivo dunha nación con moi pouco poder, que nen sequer lle reclama ó fotógrafo unha copia para o seu desordeado e anacrónico álbum particular. É o metodo como parte da creación de senso: cada Nadal, cada pasaxe de ano, Delmi seguirá un itinerario para despois saber, como o sabe agora, que cómpre recomezar.

Porque o darías todo, Delmi Álvarez, por teres levado contigo unha outra cámara a de cine, disme, porque ódia-lo video, disme que rexistrara a voz humana, o que cada unha desas persoas che contaba, as palabras sen fin e sen pano de fundo no que repousar dos galegos no mundo. Anque cada palabra deixe no clic, da túa acción de fotografar un rastro diferente e te sitúe a ti, fotógrafo independente, na imposibilidade de poderes deixar de pescudar como te relacionas, dende dentro da historia de Galiza, coas cousas. Anque por moito que colmaras ese debezo de ficar coa palabra rexistrada coma se fose unha outra imaxe, a eles nunca lles poderás remesar, nunha carta- postale, o seu país. E eles, que deberían desapegarse para sempre de nós, agasállannos coa súa representación.

Compostela 1993

GALEGOS NA DIÁSPORA

© 1989-2022 Delmi Álvarez
Primeira edición. Secretaría Xeral de Emigración. 500 exemplares. 2009
Segunda edición, Amazon. 2017
Terceira edición, Xuño , 2022
Imaxes en analóxico, película branco e negro entre 1989 e 2008
Procesado dos negativos de Europa no 1990: Manuel Álvarez Álvarez (Genéve–Suisse)
Película: Kodak TriX e T-MAX utilizada entre 1989 e 2002
Cámaras: dous corpos Nikon FM2
Positivado das fotos do libro e exposición: Tino Martínez. Santiago de Compostela
Primeira revisión de textos en galego corrixidos no ano 1999: Anxos Sumai e Fernando Ramallo
Revisión xeral e final de textos en galego corrixidos no ano 2009: Fernando Ramallo
Exposición: 87 imaxes b/n, copiadas por Tino Martínez, viradas ao selenio, papel baritado Ilford Gallerie
Enmarcación en madeira de abeto branco e passpartout antiácido, Cristais antireflectivos
Exposición en Caixanova en Vigo 2005: Paloma Vela. Exposición en Pazo de Fonseca, 2006, Santiago de Compostela. Exposición en Bos Aires y Montevideo organizado pola Consellería de Cultura Xunta de Galicia.
Instalación en Bos Aires e Montevideo por Gastón Lucas Quiroga.
Mapas Anxo Botana. Chicago/Santiago de Compostela
Título en inglés: The Galician Diáspora
Nome da fundación: Fundación Diáspora Galega
Documentais en coproducción coa TVG en relación co proxecto Galegos na Diáspora: O rei galego de África (Walbis Bay e outras localizacións en Namibia), A última fotografía (Krasnodar, Rusia), Os galegos da Guaiana venezolana (Guaiana, Venezuela) con Arturo Lezcano, Fuga de cerebros (Estocolmo, Colonia, París e Birmingham, EE.UU.)
Vídeo: Cámaras Sony Z1 e Panasonic
Tipografía: Minion Pro, corpo 12.
Adaptación de formato e composición de páxina: Delmi Álvarez y Jesús María Suárez Ares. ©2022.
Unha copia orixinal da primeira edición deste libro está na:

Alvarez, Delmi.
Library of Congress Washington DC Cataloging-in-Publication data:
CUNY de Nova York.
Galegos na Diáspora 1989-2009 Delmi Álvarez. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia
ISBN 8445347624
ISBN 9788445347621
LC classification (full): DP302.G2 A758 2009. Subjects: Galicians (Spain) Foreign countries- Pictorial works
LCCN 2009521018

© Textos e fotografías 1989-2022 Delmi Álvarez
© Textos dos autores
Galegos na Diáspora está rexistrado e protexido polo copyright © na delegación da Xunta de Galicia en Pontevedra Copyright rexistro Depósito legal: C 886-2009
ISBN: 978-84-453--4762-1

Todos os dereitos reservados. Esta publicación non pode ser reproducida, total ou parcialmente, nin rexistrada nin transmitida por un sistema de recuperación de información, de calquera forma ou por ningún medio, mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro-óptico, fotocopia ou calquera outro. sen o permiso previo por escrito do autor.